

Acto de investidura
como doutora *honoris causa*
da Prof.^a Dr.^a D.^a María Emilia Casas

3 de decembro de 2021

O motivo que ilustra a capa deste libro correspóndese coa coidada decoración calada das cadeiras do Paraninfo da Universidade de Santiago de Compostela. A estrela é o símbolo heráldico do arcebispo Alonso III de Fonseca, benfeitor da Universidade.

Protocolo

Procesión da comitiva académica

Desenvolvemento do acto

Investidura da Prof.^a Dr.^a D.^a MARÍA EMILIA CASAS


Pedimento	Padriño, Prof. Dr. D. Javier Gárate
Lección da doutora <i>honoris causa</i>	Prof. ^a Dr. ^a D. ^a María Emilia Casas
<i>Laudatio</i>	Padriño, Prof. Dr. D. Javier Gárate
Concesión	Sr. Reitor
Imposición da esclavina, a borla, o anel e entrega do libro	Padriño, Prof. Dr. D. Javier Gárate
Toma de xuramento	Sra. Secretaria Xeral
Imposición da medalla	Sr. Reitor
Agradecemento	Prof. ^a Dr. ^a D. ^a María Emilia Casas

Discurso do Sr. Reitor

Gaudeamus igitur

Procesión de saída





María Emilia Casas



MARÍA EMILIA CASAS BAAMONDE cursou os seus estudos de Dereito na Universidade Complutense de Madrid, na que se licenciou en 1971 e doutorou en 1976, en ambos os casos con premio extraordinario. Nela, pola que tamén é licenciada en Filosofía e Letras, iniciou, en 1971, a súa actividade docente e investigadora, como profesora axudante. A partir do curso 1976-1977 ocupou os postos de profesora adxunta, profesora titular, profesora agregada e catedrática nas universidades Complutense, do País Vasco e Carlos III e permanece en activo na primeira. Foi maxistrada do Tribunal Constitucional entre decembro de 1998 e xaneiro de 2011 e a súa presidenta desde xuño de 2004.

Actualmente, é conselleira electiva de Estado, presidenta da Asociación Española e da Sociedade Internacional de Dereito do Traballo e da Seguridade Social, académica de número da Real Academia de Ciencias Morais e Políticas, membro correspondente das Academias de Xurisprudencia de Colombia e Perú, membro de número do Instituto de Investigación da Asociación Coruñesa de Dereito Comparado do Traballo e Seguridade Social, membro do Consello Académico da Fundación para a Investigación sobre o Dereito e a Empresa, patroa da Fundación Coloquio Xurídico Europeo, membro do Padroado da Fundación Complutense, membro do Consello de Ciencias Sociais da Fundación Ramón Areces, *Of Counsel* do Estudo Xurídico Ejaso, membro do xurado do Premio da Asociación Nacional de Laboralistas, presidenta do Premio Xoves Laboralistas (FORELAB), membro do xurado do Premio Pelayo para xuristas de recoñecido prestixio. Desde 2006 a 2010 foi membro do xurado do premio Príncipe de Asturias en Ciencias Sociais.

É autora de máis de trescentas publicacións e coautora, co profesor Manuel Alonso Olea, de dezasete edicións do manual *Derecho del Trabajo*, o máis prestixioso da disciplina. Codirixiu os *Comentarios a la Constitución española* con motivo de su xxx aniversario (2006) e con motivo de su XL aniversario (2018) e foi tamén directora das revistas *Derecho de las Relaciones Laborales* e *Relaciones Laborales*.



Foi investigadora en numerosos proxectos de investigación e relatora ou conferenciante en numerosos congresos nacionais e internacionais, acreditando máis de cincocentas conferencias. Participou, en representación de España, no «Observatorio de relacións industriais e da negociación colectiva dos países membros da Unión Europea» e foi membro do grupo de expertos sobre «As transformacións do traballo e o futuro do Dereito do Traballo en Europa» (1999), promovido pola Comisión Europea. Máis recentemente (2017), foi nomeada, polo Parlamento Europeo, membro do Comité de Personalidades Independentes sobre o estatuto e o financiamento dos partidos políticos europeos e as fundacións políticas europeas. En 2018, foi designada, polo Consello de Administración da OIT membro da comisión de enquisa constituída para coñecer da queixa relativa ao incumprimento por Venezuela dos Convenios 26, 87 e 144 da OIT.

Na Universidad Carlos III de Madrid, foi membro da súa Comisión Xestora, vicerreitora de Relacións Internacionais e Institucionais, membro do padroado da súa Fundación e directora académica do Instituto Europeo de Relacións Industriais. Así mesmo, foi membro do Instituto Complutense de Estudos Internacionais, investigadora visitante do Institut du Travail da Universidade de Bordeus, investigadora visitante do Institut für Arbeitsrecht und Sozialversicherungsrecht da Universidade de Colonia e investigadora do Institut de Recherche Juridique sur l'Entreprise et les Relations Professionnelles, da Université Paris Ouest-Nanterre La Defense.

É doutora *honoris causa* pola Universidade Carlos III, pola Universidade de Las Palmas de Gran Canaria e pola Universidade de Málaga. Entre as súas numerosas distincións figuran a Medalla de Ouro de Galicia, a Gran Cruz da Real e Distinguida Orde Española de Carlos III, a Gran Cruz da Orde de San Raimundo de Peñafort, a Medalla da Orde do Mérito Constitucional e a Medalla de Honra do Colexio de Rexistradores de España

Recibiu, entre outros moitos premios, o Women in a Legal World (2019); o Fernández Latorre (2017); o Victoria Kent, pola súa contribución á consolidación da democracia en España; o Avanzando en Igualdade 2008, outorgado pola Federación de Servizos Públicos de Valencia; o premio extraordinario de honra por toda unha traxectoria de dedicación e prestixio no ámbito xurídico-laboral, da Asociación Nacional de Avogados Laboralistas (2007); o Aequitas, concedido polo Colexio de Graduados Sociais de Valencia (2007) e o Pelayo para xuristas de recoñecido prestixio (2006). É socia de Honra e Medalla de Ouro da Asociación Nacional de Avogados Laboralistas e Asociada *ad honorem* da Asociación de Mulleres Investigadoras e Tecnólogas. En 2009 recibiu o recoñecemento da Conferencia Iberoamericana de Xustiza Constitucional polo seu labor xurisdiccional en España e pola súa contribución, conformación e difusión da cultura constitucional en Iberoamérica.



Javier Gárate



JAVIER GÁRATE CASTRO realizou os seus estudos de Dereito na Universidade de Santiago de Compostela, na que se licenciou en 1978, con premio extraordinario, e doutorou en 1982. É profesor da Facultade de Dereito desde outubro de 1978 e accedeu á cátedra de Dereito do Traballo e da Seguridade Social en 1992. A súa actividade docente e investigadora está vinculada, desde o principio, ao eido do Dereito do Traballo e da Seguridade Social.

Interveu como relator en máis de trinta congresos nacionais (dous deles da Asociación Española de Dereito do Traballo e da Seguridade Social) e internacionais e en máis de cen xornadas, seminarios e outras reunións científicas relacionadas co Dereito do Traballo e da Seguridade Social. Igualmente, son frecuentes as invitacións que recibe, tanto de universidades (León, A Coruña, Vigo-Ourense, Oviedo, Cantabria, La Rioja, Pamplona, Zaragoza, Central e Autónoma de Barcelona, Valladolid, Palma de Mallorca, Valencia, Murcia, Complutense, Rey Juan Carlos, Colegio Universitario de Segovia, Extremadura, Sevilla, La Laguna, Castelló, Passau, Cagliari, Sapienza de Roma, Le Mans, Coimbra, Católica Portuguesa do Porto, Católica de Lisboa, Universidade Lusíada do Porto, ULACIT de Costa Rica, etc.), como de institucións públicas e privadas, para pronunciar conferencias e participar en cursos de especialización sobre as materias propias da súa disciplina. Foi director e docente das vinte e nove edicións consecutivas (1991-2019) do Curso Superior de Relacións Laborais, título propio da Universidade de Santiago de Compostela, ofertado por esta en virtude de convenio de colaboración suscrito co Consello Galego de Relacións Laborais.

É autor de doce libros da súa especialidade [*La representación de los trabajadores y de los empresarios en las relaciones colectivas de trabajo* (2020); *Lecturas sobre el derecho a la negociación colectiva laboral* (tres edicións, 2019, 2020 e 2021); *Derecho de huelga* (2013); *Los desplazamientos temporales de trabajadores en el marco de una prestación transnacional de servicios* (2012); *Transformaciones en las normas sociales de la Unión Europea* (2010); *Lecturas sobre el*



régimen jurídico del contrato de trabajo (seis ediciones: 2007, 2008, 2009, 2010, 2011 y 2012); *La tutela de los derechos fundamentales y libertades públicas por los tribunales laborales* (1999); *Informe sobre la negociación colectiva sectorial en la Comunidad Autónoma de Galicia* (1995); *Los salarios de tramitación. Un estudio de las percepciones salariales ligadas a la declaración de improcedencia o nulidad del despido* (1994); *La racionalización de las pensiones de seguridad social* (1986); *La comunicación escrita del despido disciplinario* (1985) y *El rendimiento en la prestación de trabajo* (1984)], coautor de máis de doce, autor de máis de cento trinta estudos, traballos ou ensaios publicados tanto en libros colectivos como nas máis prestixiosas revistas de Dereito do Traballo e da Seguridade Social, autor de máis de duascenas notas e comentarios de sentenzas dos tribunais laborais españois e do Tribunal Constitucional, e coordinador da entradas das área de Dereito do Traballo e da Seguridade Social do *Diccionario galego de termos xurídicos* e autor de cento vinte e cinco delas.

Dirixiu e participou na redacción de informes para a Comisión Consultiva Nacional de Convenios Colectivos (*La negociación colectiva en el sector de las telecomunicaciones*; *La negociación colectiva y el sector de la estiba y desestiba de buques*) e para o Consello Galego de Relacións Laborais. Por encargo deste último, asumiu a preparación e redacción de senllas propostas de acordo interprofesional autonómico sobre procedementos extraxudiciais de solución de conflitos individuais de traballo e de revisión do acordo interprofesional galego sobre procedementos extraxudiciais de solución de conflitos (colectivos) de traballo, así como o informe sobre a transformación do devandito órgano en ente con personalidade xurídica propia. Tamén confeccionou numerosos ditames xurídicos. Foi director de seis teses de doutoramento e investigador principal en oito proxectos competitivos, tres nacionais e cinco da Comunidade Autónoma de Galicia.

Forma ou formou parte de consellos de redacción, consellos científicos, comités científicos e consellos de avaliadores externos de diversas revistas xurídicas (*Derecho de las Relaciones Laborales*; *Justicia Laboral. Revista de Derecho del Trabajo y de la Seguridad Social*; *Actualidad laboral*; *Tribuna Social. Revista de Seguridad Social y Laboral*; *Minerva. Revista de Estudios Laborais*; *Revista General de Derecho del Trabajo y de la Seguridad Social*; *Revista Galega de Dereito Social e Revista Xurídica Galega*) e é membro do colexio de árbitros do *Acordo galego para a solución extraxudicial de conflitos colectivos (AGA)*. Ocupou o cargo de decano da Facultade de Dereito da Universidade de Santiago de Compostela entre xullo de 1994 e decembro de 2001 e o de director do Departamento de Dereito Mercantil e do Traballo entre maio de 2004 e novembro de 2012. En febreiro de 2019 foi distinguido coa concesión da medalla do Consello Galego de Relacións Laborais pola súa colaboración con este ente ao longo dos seus trinta anos de existencia.







Tradición e modernidade

A Universidade de Santiago de Compostela proxecta sobre o futuro o seu medio milenio de historia. Afundindo as súas raíces na Europa renacentista, soubo evolucionar co tempo e converterse nunha das institucións que conformaron a identidade de Galicia. A comezos do século XXI, a súa vocación divulgadora do coñecemento e promotora da investigación convertérona en referencia mundial en eidos como a medicina, a biotecnoloxía, as humanidades ou a innovación científica.

O xermolo da Universidade sitúase nos remates do século XV, cando en Europa se difundía incesante a nova técnica da impresión de libros que había de revolucionar o mundo. En 1495, un rexedor de Compostela, Lope Gómez de Marzoa, funda o *Studium* de Gramática Latina no mosteiro bieito de San Paio de Antealtares, o chamado *Estudo Vello*. O impulso da familia Diego de Muros, xa nos albores do século XVI, consegue someter o Estudo á protección eclesiástica, permitindo a creación de cátedras de Dereito e Artes e, axiña, tamén de Dereito Canónico. Será pola decidida iniciativa do arcebispo Alonso III de Fonseca e Ulloa, humanista dotado das mellores características dun home do Renacemento, cando, coa fundación do Colexio de Santiago en 1521, se reforcen definitivamente os alicerces da actual institución académica. As primeiras Constitucións da Universidade de Santiago apróbanse en 1555.

No século XIX, a Universidade experimenta o seu maior desenvolvemento coa implantación de estudos científicos e de Humanidades acordes cos tempos, e coa inauguración en 1805 do seu edificio principal, hoxe Facultade de Xeografía e Historia. Da puxanza da Universidade na época falan fitos como o primeiro experimento eléctrico levado a cabo en España, que iluminou en 1851 esta mesma edificación grazas a un novidoso arco voltaico instalado polo científico Antonio Casares.

O ámbito universitario foi pioneiro na integración da muller en campos da sociedade, vedados durante séculos. As mulleres accederon á Universidade por primeira vez no curso 1913-1914, abrindo a porta a un proceso lento pero imparabile. A Universidade compostelá foi tamén lugar de intercambio de ideas para as xeracións de intelectuais que fixeron avanzar a sociedade galega nos tempos convulsos do século XX e na Transición, e que crearon, grazas en parte ao seu paso por estas aulas, algunhas das obras máis singulares da cultura galega.

A Universidade divide a súa oferta académica en dúas cidades históricas, Santiago de Compostela e Lugo, urbes en ambos os casos que se aproximan aos 100 000 habitantes. Compostela é Patrimonio da Humanidade desde 1985 e meta dos Camiños de Santiago, que atraen cada ano a milleiros de peregrinos de todo



o mundo desde a descuberta dos restos do Apóstolo. Concentrado de todas as esencias de Galicia, Santiago é desde sempre o faro político, social e cultural da Comunidade. Pola súa banda, Lugo, a antiga Lucus Augusti romana, conserva intacta a muralla do século II e todo o carácter do interior galego.



Con cinco séculos de historia, non é estraño que a Universidade atesoure un patrimonio artístico dificilmente comparable con calquera outra institución galega. En conxunto, a Universidade esténdese a través dun millón de metros cadrados de infraestruturas, repartidas en preto dun centenar de edificios, moitos deles auténticas xoias arquitectónicas. Algúns dos situados en Compostela retratan un pasado brillante, como a mencionada Facultade de Xeografía e Historia; a severa Facultade de Medicina (1901); o Colexio de San Xerome (con raíces no século xv), sede da reitoría en plena praza do Obradoiro; ou a de Filosofía, do xviii, a carón da antiga muralla da cidade. As novas instalacións tamén contan con deseños vangardistas, como os da Facultade de Ciencias da Comunicación en Compostela (1999), de Álvaro Siza; ou o moderno campus lucense.

Na actualidade cursan estudos na Universidade ao redor de 25 000 estudantes. En Lugo, o denominado Campus Terra concentra estudos do ámbito da sustentabilidade económica e medioambiental, con especialización no campo agroalimentario, tan importante para a economía galega. En Compostela, pola súa banda, atópanse dous campus, o Norte e o Campus Vida, este último de excelencia internacional e centrado en ámbitos como a medicina e a biotecnoloxía.



Da vocación universal da Universidade fala a procedencia internacional dunha parte moi apreciable do alumnado. Arredor de 1500 matrículas corresponden a estudantes chegados doutros países, o que a converte nunha institución cosmopolita, aberta ao mundo e disposta a absorber e difundir coñecemento aos cinco continentes. Cada ano a Universidade envía ao exterior 400 estudantes a través do programa Erasmus de intercambio universitario, e recibe un número moi similar procedente de 32 países.


A de Santiago é, así pois, unha universidade completa, con oferta docente na práctica totalidade dos saberes e decididamente enfocada a actuar como líder do progreso científico, económico e social. A investigación é un dos piares da institución, e dela saíron xa diversas iniciativas e empresas *spin off* que axudan a trasladar á economía real as achegas científicas acadadas.

A vida dentro da Universidade de Santiago non se reduce aos estudos e á investigación, senón que cada curso se propón un abano moi amplo de actividades que, ademais de ofertarse á comunidade universitaria, complementan a programación cultural (coro, teatro, ciclos musicais e literarios) e deportiva (natación, atletismo, tenis, hóckey) das cidades nas que está radicada.

A Universidade de Santiago de Compostela expresa tamén o seu respecto polo talento externo coa concesión de doutoramentos *honoris causa* a persoeiros dos máis diversos ámbitos, do científico ao político ou o cultural e artístico. Ata o momento preto de cen personalidades destes ámbitos foron recoñecidas con este título.

Con cincocentos anos de historia e decididamente impulsada ao futuro, a Universidade de Santiago conserva a vitalidade e a responsabilidade dunha institución fundamental para o progreso de Galicia e a mellora da sociedade.





Gaudeamus igitur

Gaudeamus igitur,
iuvenes dum sumus. (*bis*)
Post iucundam iuventutem,
post molestam senectutem,
nos habebit humus.

Ubi sunt qui ante nos
in mundo fuere?
Vadite ad superos,
transite ad inferos,
ubi iam fuere.

Vivat Academia,
vivant professores.
Vivat membrum quodlibet,
vivant membra quaelibet,
semper sint in flore.

Vita nostra brevis est, breve finietur.
Venit mors velociter,
rapit nos atrociter,
nemini parcetur.

Vivat nostra societas!
Vivant studiosi!
Crescat una veritas,
floreat fraternitas,
patriae prosperitas.

Vivat et Republica,
et qui illam regit.
Vivat nostra civitas,
Maecenatum charitas,
quae nos hic protegit.

Pereat tristitia,
pereant osiores.
Pereat diabolus,
quivis antiburschius,
atque irrisores.

Alma Mater floreat
quae nos educavit,
caros et commilitones
dissitas in regiones
sparsos congregavit.







El motivo que ilustra la cubierta de este libro se corresponde con la esmerada decoración calada de las sillas del Parainfo de la Universidad de Santiago de Compostela. La estrella es el símbolo heráldico del arzobispo Alonso III de Fonseca, benefactor de la Universidad.

Protocolo

Procesión de la comitiva académica

Desarrollo del acto

Investidura da Prof.^a Dr.^a D.^a MARÍA EMILIA CASAS

Petición	Padrino, Prof. Dr. D. Javier Gárate
Lección del doctor <i>honoris causa</i>	Prof. ^a Dr. ^a D. ^a María Emilia Casas
<i>Laudatio</i>	Padrino, Prof. Dr. D. Javier Gárate
Concesión	Sr. Rector
Imposición de la esclavina, la borla, el anillo y entrega del libro	Padrino, Prof. Dr. D. Javier Gárate
Toma de juramento	Sra. Secretaria General
Imposición de la medalla	Sr. Rector
Agradecimiento	Prof. ^a Dr. ^a D. ^a María Emilia Casas

Discurso del Sr. Rector

Gaudeamus igitur

Procesión de salida





María Emilia Casas



MARÍA EMILIA CASAS BAAMONDE cursó sus estudios de Derecho en la Universidad Complutense de Madrid, en la que se licenció en 1971 y doctoró en 1976, en ambos casos con premio extraordinario. En ella, por la que también es Licenciada en Filosofía y Letras, inició, en 1971, su actividad docente e investigadora, como profesora ayudante. A partir del curso 1976-1977 ocupó los puestos de profesora adjunta, profesora titular, profesora agregada y catedrática en las universidades Complutense, del País Vasco y Carlos III y permanece en activo en la primera. Fue magistrada del Tribunal Constitucional entre diciembre de 1998 y enero de 2011 y su presidenta desde junio de 2004.

Es consejera electiva de Estado, presidenta de la Asociación Española y de la Sociedad Internacional de Derecho del Trabajo y de la Seguridad Social, académica de número de la Real Academia de Ciencias Morales y Políticas, miembro correspondiente de las Academias de Jurisprudencia de Colombia y Perú, miembro de número del Instituto de Investigación de la Asociación Coruñesa de Derecho Comparado del Trabajo y Seguridad Social, miembro del Consejo Académico de la Fundación para la Investigación sobre el Derecho y la Empresa, patrona de la Fundación Coloquio Jurídico Europeo, miembro del Patronato de la Fundación Complutense, miembro del Consejo de Ciencias Sociales de la Fundación Ramón Areces, *Of Counsel* del Estudio Jurídico Ejaso, miembro del jurado del Premio de la Asociación Nacional de Laboralistas, presidenta del Premio Jóvenes Laboralistas (FORELAB) y miembro del jurado del Premio Pelayo para juristas de reconocido prestigio. Desde 2006 a 2010 fue miembro del jurado del Premio Príncipe de Asturias en Ciencias Sociales.

Es autora de más de trescientas publicaciones y coautora, con el profesor Manuel Alonso Olea, de diecisiete ediciones del manual *Derecho del Trabajo*, el más prestigioso de la disciplina. Codirigió los *Comentarios a la Constitución española* con motivo de su xxx aniversario (2006) y con motivo de su XL aniversario (2018) y fue directora de las revistas *Derecho de las Relaciones Laborales* y *Relaciones Laborales*.



Ha sido investigadora en numerosos proyectos de investigación y ponente o conferenciante en numerosos congresos nacionales e internacionales, acreditando más de quinientas conferencias. Participó, en representación de España, en el «Observatorio de relaciones industriales y de la negociación colectiva de los países miembros de la Unión Europea» y fue miembro del grupo de expertos sobre «Las transformaciones del trabajo y el futuro del Derecho del Trabajo en Europa» (1999), promovido por la Comisión Europea. Más recientemente (2017), fue nombrada, por el Parlamento Europeo, miembro del Comité de Personalidades Independientes sobre el estatuto y la financiación de los partidos políticos europeos y las fundaciones políticas europeas. En 2018, fue designada por el Consejo de Administración de la OIT, miembro de la comisión de encuesta constituida para conocer de la queja relativa al incumplimiento por Venezuela de los Convenios 26, 87 y 144 de la OIT.

En la Universidad Carlos III fue miembro de su Comisión Gestora, vicerrectora de Relaciones Internacionales e Institucionales, miembro del Patronato de su Fundación y directora académica del Instituto Europeo de Relaciones Industriales. Asimismo, ha sido miembro del Instituto Complutense de Estudios Internacionales, investigadora visitante del Institut du Travail de la Universidad de Burdeos, investigadora visitante del Institut für Arbeitsrecht und Sozialversicherungsrecht de la Universidad de Colonia e investigadora del Institut de Recherche Juridique sur l'Entreprise et les Relations Professionnelles, de la Université Paris Ouest-Nanterre La Defense.

Es doctora *honoris causa* por la Universidad Carlos III de Madrid, por la Universidad de Las Palmas de Gran Canaria y por la Universidad de Málaga. Entre sus numerosas distinciones figuran la Medalla de Oro de Galicia, la Gran Cruz de la Real y Distinguida Orden Española de Carlos III, la Gran Cruz de la Orden de San Raimundo de Peñafort, la Medalla de la Orden del Mérito Constitucional y la Medalla de Honor del Colegio de Registradores de España.

Ha recibido, entre otros muchos premios, el Women in a Legal World (2019); el Fernández Latorre (2017); el Victoria Kent, por su contribución a la consolidación de la democracia en España; el Avanzando en Igualdad 2008, otorgado por la Federación de Servicios Públicos de Valencia; el premio extraordinario de honor por toda una trayectoria de dedicación y prestigio en el ámbito jurídico-laboral, de la Asociación Nacional de Abogados Laboralistas (2007); el Aequitas, concedido por el Colegio de Graduados Sociales de Valencia (2007) y el Pelayo para juristas de reconocido prestigio (2006). Es socia de Honor y Medalla de Oro de la Asociación Nacional de Abogados Laboralistas y Asociada *ad honorem* de la Asociación de Mujeres Investigadoras y Tecnólogas. En 2009 recibió el reconocimiento de la Conferencia Iberoamericana de Justicia Constitucional por su labor jurisdiccional en España y por su contribución, conformación y difusión de la cultura constitucional en Iberoamérica.



Javier Gárate



JAVIER GÁRATE CASTRO realizó sus estudios de Derecho en la Universidad de Santiago de Compostela, en la que se licenció en 1978, con premio extraordinario, y doctoró en 1982. Es profesor de la Facultad de Derecho desde octubre de 1978 y accedió a la cátedra de Derecho del Trabajo y de la Seguridad Social en 1992. Su actividad docente e investigadora está vinculada, desde el principio, al campo del Derecho del Trabajo y de la Seguridad Social.

Ha intervenido como ponente en más de treinta congresos nacionales (dos de ellos de la Asociación Española de Derecho del Trabajo y de la Seguridad Social) e internacionales y en más de cien jornadas, seminarios y otras reuniones científicas relacionadas con el Derecho del Trabajo y de la Seguridad Social. Igualmente, son frecuentes las invitaciones que recibe, tanto de universidades (León, A Coruña, Vigo-Ourense, Oviedo, Cantabria, La Rioja, Pamplona, Zaragoza, Central y Autónoma de Barcelona, Valladolid, Palma de Mallorca, Valencia, Murcia, Complutense, Rey Juan Carlos, Colegio Universitario de Segovia, Extremadura, Sevilla, La Laguna, Castellón, Passau, Cagliari, Sapienza de Roma, Le Mans, Coimbra, Católica Portuguesa de Oporto, Católica de Lisboa, Universidade Lusíada de Oporto, ULA-CIT de Costa Rica, etc.) como de instituciones públicas y privadas, para pronunciar conferencias y participar en cursos de especialización sobre las materias propias de su disciplina. Ha sido director y docente de las veintinueve ediciones consecutivas (1991-2019) del Curso Superior de Relaciones Laborales, título propio de la Universidad de Santiago de Compostela, ofertado por esta en virtud de convenio de colaboración suscrito con el Consello Galego de Relacións Laborais.

Es autor de doce libros de su especialidad [*La representación de los trabajadores y de los empresarios en las relaciones colectivas de trabajo* (2020); *Lecturas sobre el derecho a la negociación colectiva laboral* (tres ediciones: 2019, 2020 y 2021); *Derecho de huelga* (2013); *Los desplazamientos temporales de trabajadores en el marco de una prestación transnacional de servicios* (2012); *Transformaciones en las normas sociales de la Unión Europea* (2010); *Lecturas sobre el régimen jurídico del*




contrato de trabajo (seis ediciones: 2007, 2008, 2009, 2010, 2011 y 2012); *La tutela de los derechos fundamentales y libertades públicas por los tribunales laborales* (1999); *Informe sobre la negociación colectiva sectorial en la Comunidad Autónoma de Galicia* (1995); *Los salarios de tramitación. Un estudio de las percepciones salariales ligadas a la declaración de improcedencia o nulidad del despido* (1994); *La racionalización de las pensiones de seguridad social* (1986); *La comunicación escrita del despido disciplinario* (1985) y *El rendimiento en la prestación de trabajo* (1984)], coautor de más de doce, autor de más de ciento treinta estudios, trabajos o ensayos publicados tanto en libros colectivos como en las más prestigiosas revistas de Derecho del Trabajo y de la Seguridad Social, autor de más de doscientas notas y comentarios de sentencias de los tribunales laborales españoles y del Tribunal Constitucional, coordinador de las entradas del área de Derecho del Trabajo y de la Seguridad Social del *Diccionario galego de termos xurídicos* y autor de ciento veinticinco de ellas.

Ha dirigido y participado en la redacción de estudios e informes para la Comisión Consultiva Nacional de Convenios Colectivos (*La negociación colectiva en el sector de las telecomunicaciones; La negociación colectiva en el sector de la estiba y desestiba de buques*) y para el Consello Galego de Relacións Laborais. Por encargo de este último, asumió la preparación y redacción de sendas propuestas de acuerdo interprofesional autonómico sobre procedimientos extrajudiciales de solución de conflictos individuales de trabajo y de revisión del acuerdo interprofesional gallego sobre procedimientos extrajudiciales de solución de conflictos (colectivos) de trabajo, así como el informe sobre la transformación de dicho órgano en ente con personalidad jurídica propia. También ha confeccionado numerosos dictámenes jurídicos. Ha sido director de seis tesis doctorales e investigador principal en ocho proyectos competitivos, tres nacionales y cinco de la Comunidad Autónoma de Galicia.

Forma o formó parte de consejos de redacción, consejos científicos, comités científicos y consejos de evaluadores externos de diversas revistas jurídicas (*Derecho de las Relaciones Laborales; Justicia Laboral. Revista de Derecho del Trabajo y de la Seguridad Social; Actualidad laboral; Tribuna Social. Revista de Seguridad Social y Laboral; Minerva. Revista de Estudios Laborais; Revista General de Derecho del Trabajo y de la Seguridad Social; Revista Galega de Dereito Social y Revista Xurídica Galega*) y es miembro del colegio de árbitros del *Acuerdo gallego para la solución extrajudicial de conflictos colectivos*. Ocupó el cargo de decano de la Facultad de Derecho de la Universidad de Santiago de Compostela entre julio de 1994 y diciembre de 2001 y el de director del Departamento de Derecho Mercantil y del Trabajo entre mayo de 2004 y noviembre de 2012. En febrero de 2019 fue distinguido con la concesión de la medalla del Consello Galego de Relacións Laborais por su colaboración con este ente a lo largo de sus treinta años de existencia.







Tradición y modernidad

La Universidad de Santiago de Compostela proyecta sobre el futuro su medio milenio de historia. Hundiendo sus raíces en la Europa renacentista, supo evolucionar con el tiempo y convertirse en una de las instituciones que conformaron la identidad de Galicia. A comienzos del siglo XXI, su vocación divulgadora del conocimiento y promotora de la investigación la han convertido en referencia mundial en campos como la medicina, la biotecnología, las humanidades o la innovación científica.

El origen de la Universidad se sitúa a finales del siglo XV, cuando en Europa se difundía incesante la nueva técnica de la impresión de libros que iba a revolucionar el mundo. En 1495, un regidor de Compostela, Lope Gómez de Marzoa, funda el *Studium* de Gramática Latina en el monasterio benedictino de San Paio de Antealtares, el llamado *Estudio Viejo*. El impulso de la familia Diego de Muros, ya en los albores del siglo XVI, consigue someter el Estudio a la protección eclesiástica, permitiendo la creación de cátedras de Derecho y Artes y, poco después, también de Derecho Canónico. Será por la decidida iniciativa del arzobispo Alonso III de Fonseca y Ulloa, humanista dotado de las mejores características de un hombre del Renacimiento cuando, con la fundación del Colegio de Santiago en 1521, se refuerzan definitivamente los pilares de la actual institución académica. Las primeras Constituciones de la Universidad de Santiago se aprobaron en 1555.

En el siglo XIX, la Universidad experimenta su mayor desarrollo con la implantación de estudios científicos y de humanidades acordes con los tiempos, y con la inauguración en 1905 de su edificio principal, hoy Facultad de Geografía e Historia. De la pujanza de la Universidad en la época hablan hechos como el primer experimento eléctrico llevado a cabo en España, que iluminó en 1851 esta misma edificación gracias a un novedoso arco voltaico instalado por el científico Antonio Casares.

El ámbito universitario fue pionero en la integración de la mujer en campos de la sociedad, vetados durante siglos. Las mujeres accedieron a la Universidad por primera vez en el curso 1913-14, abriendo la puerta a un proceso lento pero imparable. La Universidad compostelana también fue lugar de intercambio de ideas para las generaciones de intelectuales que hicieron avanzar a la sociedad gallega en los tiempos convulsos del siglo XX y en la Transición, y que crearon, gracias en parte a su paso por estas aulas, algunas de las obras más singulares de la cultura gallega.

La Universidad divide su oferta académica en dos ciudades históricas, Santiago de Compostela y Lugo, urbes que en ambos casos se aproximan a los



100 000 habitantes. Compostela es Patrimonio de la Humanidad desde 1985 y meta de los Caminos de Santiago, que atraen cada año a miles de peregrinos de todo el mundo desde el descubrimiento de los restos del Apóstol. Concentrado de todas las esencias de Galicia, Santiago es, desde siempre, el faro político, social y cultural de la Comunidad. Por su parte, Lugo, la antigua Lucus Augusti romana, conserva intacta la muralla del siglo II y todo el carácter del interior gallego.



Con cinco siglos de historia, no es extraño que la Universidad atesore un patrimonio artístico difícilmente comparable con cualquier otra institución gallega. En conjunto, la Universidad se extiende a través de un millón de metros cuadrados de infraestructuras, repartidas en cerca de un centenar de edificios, muchos de ellos auténticas joyas arquitectónicas. Algunos de los situados en Compostela retratan un pasado brillante, como la mencionada Facultad de Geografía e Historia; la severa Facultad de Medicina (1901); el colegio de San Jerónimo (con raíces en el siglo XV), sede del rectorado en plena Plaza del Obradoiro; o la de Filosofía, del XVII, pegada a la antigua muralla de la ciudad. Las nuevas instalaciones también cuentan con diseños vanguardistas, como los de la Facultad de Ciencias de la Comunicación en Compostela (1999), de Álvaro Siza; o el moderno campus lucense.

En la actualidad cursan estudios en la Universidad alrededor de 25 000 estudiantes. En Lugo, el denominado Campus Terra concentra estudios del ámbito de la sustentabilidad económica y medioambiental, con especialización en el



campo agroalimentario, tan importante para la economía gallega. En Compostela, por su parte, hay dos campus, el Norte y el Campus Vida, este último de excelencia internacional y centrado en ámbitos como la medicina o la biotecnología.

De la vocación universal de la Universidad habla la procedencia internacional de una parte muy apreciable del alumnado. Alrededor de 1500 matrículas corresponden a estudiantes llegados de otros países, lo que la convierte en una institución cosmopolita, abierta al mundo y dispuesta a absorber y difundir conocimiento a los cinco continentes. Cada año la Universidad envía al exterior 400 estudiantes, a través del programa Erasmus de intercambio universitario, y recibe un número muy similar proveniente de 32 países.

La de Santiago es, así pues, una universidad completa, con oferta docente en la práctica totalidad de los saberes y decididamente enfocada a actuar como líder del progreso científico, económico y social. La investigación es uno de los pilares de la institución, y de ella han salido diversas iniciativas de empresas *spin off* que ayudan a trasladar a la economía real las aportaciones científicas conseguidas.

La vida dentro de la Universidad de Santiago no se reduce a los estudios y a la investigación, sino que cada curso se propone un abanico muy amplio de actividades que, además de ofertarse a la comunidad universitaria, complementan la programación cultural (coro, teatro, ciclos musicales y literarios) y deportiva (natación, atletismo, tenis, hockey) de las ciudades en las que está radicada.

La Universidad de Santiago de Compostela expresa también su respeto por el talento externo con la concesión de doctorados *honoris causa* a figuras de los más diversos ámbitos, del científico al político o al cultural y artístico. Hasta el momento cerca de cien personalidades de estos ámbitos han sido reconocidas con este título.

Con quinientos años de historia y decididamente impulsada al futuro, la Universidad de Santiago conserva la vitalidad y la responsabilidad de una institución fundamental para el progreso de Galicia y la mejora de la sociedad.





Gaudeamus igitur

Gaudeamus igitur,
iuvenes dum sumus. (*bis*)
Post iucundam iuventutem,
post molestam senectutem,
nos habebit humus.

Ubi sunt qui ante nos
in mundo fuere?
Vadite ad superos,
transite ad inferos,
ubi iam fuere.

Vivat Academia,
vivant professores.
Vivat membrum quodlibet,
vivant membra quaelibet,
semper sint in flore.

Vita nostra brevis est, breve finietur.
Venit mors velociter,
rapit nos atrociter,
nemini parcetur.

Vivat nostra societas!
Vivant studiosi!
Crescat una veritas,
floreat fraternitas,
patriae prosperitas.

Vivat et Republica,
et qui illam regit.
Vivat nostra civitas,
Maecenatum charitas,
quae nos hic protegit.

Pereat tristitia,
pereant osiores.
Pereat diabolus,
quivis antiburschius,
atque irrisores.

Alma Mater floreat
quae nos educavit,
caros et commilitones
dissitas in regiones
sparsos congregavit.



Acto de investidura
como doctora *honoris causa*
de la Prof.^a Dr.^a María Emilia Casas

3 de diciembre de 2021